

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****CONSELLERÍA DE SANIDADE**

*EXTRACTO da Orde do 13 de setembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras e se convoca o procedemento para a concesión de subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter sociosanitario no ámbito das drogodependencias e os trastornos adictivos, con cargo á asignación tributaria do 0,7 % do imposto sobre a renda das persoas físicas (código de procedemento SA463H).*

BDNS (Identif.): 474474.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primeiro. *Entidades beneficiarias*

Para seren beneficiarias das axudas publicadas nesta orde as entidades deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Estar legalmente constituídas, polo menos, con dous anos de antelación á data da publicación da presente convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* e debidamente inscritas no correspondente rexistro administrativo de ámbito autonómico. A/s entidade/s solicitantes deberán estar inscritas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) e no Rexistro de Entidades Colaboradoras do Plan de Galicia sobre drogas, creado polo Decreto 74/2002, do 28 de febreiro. O cumprimento deste requisito será comprobado de oficio pola Administración. Este requisito entenderase cumprido coa presentación da solicitude de inscrición dentro do prazo de presentación das solicitudes que establece o artigo 8.3. En todo caso, a entidade deberá estar debidamente inscrita no momento de pagamento da subvención.

b) Carecer de ánimo de lucro.

c) Ter o seu domicilio social ou delegación na Comunidade Autónoma de Galicia.

d) Non atoparse en ningunha das situacións establecidas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. A acreditación de non estaren incursas nas ditas circunstancias realizarase mediante declaración responsable da persoa representante da entidade.



e) Ter entre os seus fins institucionais recollidos nos seus estatutos a realización das actividades consideradas subvencionables.

f) As entidades que formen parte dunha federación ou persoa xurídica similar de ámbito autonómico deberán solicitar as axudas a través destas.

g) Desenvolver as súas actividades de xeito efectivo, contando con medios persoais e materias necesarios, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Dentro dos límites da lexislación autonómica tamén poderán ser beneficiarias as agrupacións de organizacións sen personalidade xurídica nos seguintes termos:

a) Cada un dos seus membros deberá cumprir os requisitos establecidos con carácter xeral.

b) Deberán indicar os compromisos asumidos por cada un dos seus membros e o importe da subvención que se vaia aplicar a cada un deles.

c) Deberán nomear unha persoa en representación con poderes abondos para cumprir coas obrigas que, como entidade beneficiaria, corresponden á agrupación.

d) Non poderán disolverse ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 39 e 65 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e 35 e 63 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

#### Segundo. *Obxecto*

Establecer as bases reguladoras e convocar as axudas para a realización de programas de interese xeral que atenden a fins de carácter sociosanitario no ámbito das drogodependencias e outros trastornos adictivos con cargo á asignación tributaria do 0,7 % do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF), xestionado pola Consellería de Sanidade (código de procedemento SA463H)

O contido dos programas, que se desenvolverán durante o ano 2020, deberá axustarse ás liñas de actuación que sinala a orde, de conformidade coa tipoloxía de cada programa recollido no anexo I.

#### Terceiro. *Bases reguladoras e convocatoria*

Orde do 13 de setembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras e se convoca o procedemento para a concesión de subvencións destinadas á realización de



programas de interese xeral para fins de carácter sociosanitario no ámbito das drogodependencias e os trastornos adictivos con cargo á asignación tributaria do 0,7 % do imposto sobre a renda das persoas físicas (código de procedemento SA463H).

Cuarto. *Contía*

Para o financiamento desta convocatoria destínase, con cargo á anualidade 2019, crédito por importe total 377.375,75 €, que irá con cargo ao código de proxecto 201800005 e distribuirase de acordo coa táboa que figura a continuación:

Liñas de actuación	Aplicación	Importe
Liña I. Proxectos de investimento e adecuación de centros e unidades de atención destinados a persoas drogodependentes.	50.01.413A.781.30	100.000,00 €
Liña II. Programas de incorporación social e inserción sociolaboral de persoas con trastornos adictivos.	50.01.413A.481.30	120.000,00 €
Liña III. Programas de atención integral ás persoas con trastornos adictivos.	50.01.413A.481.30	157.375,75 €

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación das solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Sexto. *Outros datos*

Para poder ser beneficiaria das subvencións deberá presentarse unha solicitude axustada ao modelo normalizado que, a título exclusivamente informativo, figura como anexo da orde e que estará dispoñible tanto na guía de procedementos (<https://sede.xunta.gal/guia-de-procedementos>) como na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>), co código SA463H.

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2019

Jesús Vázquez Almuíña  
Conselleiro de Sanidade

